



Compartindo boas prácticas educativas co profesorado de Brest

Enviado por [admin](#) [1] o Lun, 10/28/2024 - 12:54

[Curso 24_25](#) [2]

A semana do 14 ao 18 de outubro acollemos no centro a profesorado visitante francés procedente de Brest da École du Petit Paris. Participaron nun “job shadowing” que consiste nunha estratexia de “aprender mirando”. Durante a súa visita, tivemos a oportunidade de compartir boas prácticas pedagóxicas e explorar diferentes métodos de ensino. Este tipo de colaboración non só enriquece o proceso educativo, senón que tamén fomenta a creación dunha comunidade educativa máis forte, onde nos beneficiamos do coñecemento e a experiencia dos demais. Ademais, promóvese un ambiente de aprendizaxe constante e compártense as culturas de cada centro, o que enriquece a educación de todo o alumnado.

Agardamos con ilusión o noso novo encontro, desa vez acompañados dos seus alumnos e alumnas, para o mes de maio. Ata pronto!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/626>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>